

A PRESENCIALIDADE EN ATENCIÓN PRIMARIA TEN QUE SER DO 100% NON DO 60% COMO QUERE O SERGAS

Plan de Ordenación de Atención Primaria.

Incremento do complemento J.- O Sergas propón un incremento do 70% (actual) ao 90% das retribucións fixas do persoal ausente entre os que asuman a intersustitución. Este complemento esténdese a Matronas. **UGT-SP solicitamos que se amplíase ao 100% de retribucións fixas.**

Prolongación de xornada en atención primaria. O Sergas propón incremento en persoal médico a 50€/hora e a 33€/hora en persoal de enfermería.

Incremento para prazas de difícil cobertura dos complementos F e G do 40% para médicos e enfermeiras. O Sergas manifestan que se engaden 28 novos centros á catalogación de difícil cobertura. **UGT-SP solicitamos un incremento do 50%.**

Acumulación de cota en praza vacante. Cando por indispoñibilidade de persoal non se cobre unha vacante, expónse a redistribución de cartillas entre outros profesionais que realizarán de forma voluntaria unha xornada complementaria estable, cunha cota máxima de 300 cartillas, cunha xornada á semana de 4,5 horas nunha única xornada. O Sergas expón que a retribución por este servizo sexa de 10.000€/ano. **UGT-SP, manifestamos que a xornada tería que ser de 4 horas semanais, retribuídas cun complemento de 12.000 €/ano, cunha axenda pechada e cumpríndose a condición de que esas prazas síganse ofertando aos concursos de traslados e OPEs.**

Cronogramas e próximas publicacións en DOG:

DOG	
17/06/2022	Resolución ampliando 230 prazas enfermería OPE estabilización.
21/6/2022	Listaxe provisional de admitidos/ excluídos do concurso de médicos especialistas de AP.
22/6/2022	Baremo definitivo e relación de aspirantes seleccionados na OPE de FEA, Médico de Admisión, Médico Asistencial do 061, Médico de Urgencias Hospitalarias, 6 especialidades de Técnico Sanitario FP. Ábrese prazo de 1 mes para presentar documentación.
En outubro, pasada a resolución do CAP, OPE 2022 onde está previsto que saian máis prazas de enfermería.	

Selección temporal de postos de difícil cobertura de Traumatoloxía e Medicina Interna.

O Sergas manifesta que, tras o rexeitamento por parte das OO.SS da mesa sectorial do borrador presentado para a cobertura de prazas de especialistas con contratos de interinidade coa obrigaón de prestar servizos durante 4 meses en zonas de difícil cobertura, o 30 de maio asinouse no Consello de Dirección un acordo polo que se modifica a proposta inicial aprobando contratos de 4 a 6 meses cun mes de prestación nun Hospital Comarcal. A día de hoxe cubríronse 6 en medicina interna, quedando desertos Ourense e Santiago, e 5 de 7 en Traumatoloxía en Pontevedra e Ourense.